



QUE VISITAR

En Cariño

• Cabo Ortegal

Xa citado polos romanos como Trileuco, está situado ao norte de Cariño sendo un punto máxico onde conflúen as augas do Cantábrico e do Atlántico, e tamén lugar onde as pedras dos Agullóns desafían a bravura destes mares mirando ao norte. Formado por dúas puntas, a dos Agullóns (onde está o faro) e a do Limo, é un anfiteatro natural con impresionantes cantís de rocha escura. As postas de sol son espectaculares.

• Cantís de Herbeira e do Limo

Situados na Serra da Capelada, son os máis elevados da Europa continental e costeira, e teñen unha pendente media do 80%. Na súa parte máis alta atópase a 613 m o miradoiro de Vixia Herbeira, lugar onde se construíu unha garita de pedra no s. XVIII, co obxectivo de vigiar a costa.

• Ría de Cariño-Ortigueira

É a máis setentrional das rías de Galicia formando un amplo estero orientado cara o Norte. Amplias áreas da súa superficie están protexidas, tanto augas interiores como mar aberto.

• Miradoiro da Miranda

Situado no cumio do Monte da Miranda a 493m, un dos miradoiros máis impactantes de Galicia cunha vista panorámica case de 360º permítenos ver toda a Ría de Cariño-Ortigueira así como as serras da Capelada, Faladoira e Coriscada e a Punta da Estaca de Bares, a que está máis ao norte de España.



Faro de Cabo Ortegal

Na comarca

• Santuario de Sto. André de Teixido (Cedeira, a 25 min)

Ainda que non forma parte do noso territorio municipal, nesta aldea encravada na Serra da Capelada é onde se ubica o famoso santuario en honor a San André, sentido polos carriñeses como propio e moi coñecido en Galicia. Visita obrigada deromeiros e turistas, "vai de morto o que non foi de vivo".

• Cantís e Banco de Loiba (Ortigueira, a 40 min)

Lugar onde se atopa o denominado "Banco máis bonito do mundo", ofrece unhas vistas espectaculares da costa e da ría, e tamén de Cariño.

• Estaca de Bares (Mañón, a 50 min)

Punto máis ao norte da Península Ibérica e importantísimo paso de aves migratorias. Nas inmediacións do faro sitúase un conxunto de muíños de auga.



Os tres Agullóns



Peiral do Campo



Santo André de Teixido



Cantís de Herbeira



Miradoiro do Limo

XEOLOXÍA

O concello de Cariño está enclavado nunha zona xeolóxica que é referente no ámbito español e europeo gracias ao Complexo do Cabo Ortegal. Visitar esta zona é facer unha viaxe ao interior da terra. Hai poucos lugares no mundo que ofrecen o privilexio de amosar as rochas desta maneira tan particular.

Actualmente está en marcha o Proxecto de Xeoparque de Cabo Ortegal, que inclúe os concellos de Cariño, Cedeira, Cerdido, Ortigueira e Valdoviño, e que pretende o desenvolvemento sostible do territorio a través do coñecemento xeolóxico, a cultura, a gastronomía e o turismo.

Temos varios Lugares de Interese Xeolóxico (LIX) no noso concello, por exemplo o Macizo do Limo, o Macizo de Herbeira, a Punta dos Agullóns, a Praia de Fornos, o Monte da Miranda ou a Ría de Cariño-Ortigueira.



Punta do Frade - Praia de Fornos

BIRDING. OBSERVACIÓN DE AVES

A Península do Ortegal ten multitude de emprazamentos para a observación de aves: as Zonas de Especial Conservación "Costa Ártabra" e "Ortigueira-Mera", as Zonas de Especial Protección de Aves "Ortigueira-Ladrido" e "Espacio Mariño de Punta Candieira-Ría de Ortigueira-Estaca de Bares", o Humedal de Importancia Internacional "Ortigueira-Ladrido", a Serra da Capelada, os cantís de Cabo Ortegal ou a Punta de Figueiroa.

No porto e a baía de Cariño pódense avistar ata 18 especies de gaivotas, algunhas tan escasas como a polar ou a hiperbórea.

QUÉ VISITAR

En Cariño

• Cabo Ortegal

Ya citado por los romanos como Trileuco, está situado al norte de Cariño, constituye un punto mágico en el que confluyen las aguas del Cantábrico y del Atlántico y también el lugar donde las piedras de Os Agullóns desafían la bravura de estos mares mirando al norte. Formado por dos puntas, la de Os Agullóns (donde está el faro) y la de O Limo, es un anfiteatro natural con impresionantes acantilados de roca oscura. Las postas de sol son espectaculares.

• Acantilados de Herbeira y de O Limo

Situados en la sierra de A Capelada, son los más elevados de la Europa continental y costera, y tienen una pendiente media del 80%. En su parte más alta se encuentra, a 613 metros, el mirador de Vixia Herbeira, lugar en el que se construyó una garita de piedra en el siglo XVIII con el objetivo de vigilar la costa.

• Ría de Cariño-Ortigueira

Es la más septentrional de las rías de Galicia, formando un amplio estuario orientado hacia el Norte. Amplias áreas de su superficie están protegidas, tanto en aguas interiores como en mar abierto.

• Mirador de A Miranda

Situado en la cumbre del monte de A Miranda, a 493 metros, uno de los miradores más impactantes de Galicia, con una vista panorámica de casi 360º, nos permite ver toda la Ría de Cariño-Ortigueira, así como las sierras de A Capelada, Faladoira y Coriscada y la Punta de Estaca de Bares, la que está más al norte de España.

En la comarca

• Santuario de San Andrés de Teixido (Cedeira, a 25 minutos)

Aunque no forma parte de nuestro territorio municipal, en esta aldea enclavada en la Sierra de A Capelada es donde se sitúa el famoso santuario en honor a San Andrés, sentido por los carriñeses como propio y muy conocido en Galicia. Visita obligada de romeros y turistas, "va de muerto el que no fue de vivo".

• Acantilados y banco de Loiba (Ortigueira, a 40 minutos)

Lugar donde se encuentra el denominado "Banco más bonito del mundo", ofrece unas vistas espectaculares de la costa y la ría, y también de Cariño.

• Estaca de Bares (Mañón, a 50 min)

Punto más al norte de la Península Ibérica e importantísimo paso de aves migratorias. En las inmediaciones del faro se sitúa un conjunto de molinos de agua.

ALOXAMENTOS

HOTEL CABO ORTEGAL ** Santos 8, Cariño - Tel. (+34) 981 420 201
www.hotelcaboortegal.com - poldo@hotelcaboortegal.com

HOTEL A MIRANDA (hotel da natureza) * Lugar de Barral 29, Feás, Cariño
Tel. (+34) 981 413 224 / (+34) 686 466 814 - info@hotelmiranda.com Pechado/Cerrado de 1/10 a 1/11

HOTEL A PEDRA * Avenida da Cerca 25, A Pedra, Cariño - Tel. (+34) 981 420 300/Fax: (+34) 981 420 308
www.hotelapetra.com - correo@hotelapetra.com

HOTEL PEDRAMEA * Estero de Abaixo, Feás, Cariño - Tel (+34) 981 413 008 - www.hotelpedramea.com

ALOJAMIENTOS

PENSIÓN CANTÁBRICO ** Rosalía de Castro 1, Cariño - Tel (+34) 981 405 373
Fax (+34) 981 405 901 - hotelcantabrico@hotmail.com

PENSIÓN-RESIDENCIA A CEPA ** Avenida da Constitución 102, Cariño - Tel (+34) 981 405 328
www.hostalrestaurantelacepa.com - info@hostalrestaurantelacepa.com

CASA RURAL MUÍÑO DAS CAÑOTAS (B) Lugar da Ortigueira, A Pedra, Cariño - Tel (+34) 981 420 181 / (+34) 617 685 895 - www.muinodascanotas.es - muino.das.canotas@gmail.com

CASA RURAL RIO DA CRUZ (B) Lugar do Río da Cruz 1, Landoi, Cariño - Tel. (+34) 981 428 057 / (+34) 696 291 297 - www.riodacruz.com - info@riodacruz.com

TELÉFONOS DE INTERESE

TELÉFONOS DE INTERÉS

CENTRO DE INFORMACIÓN TURÍSTICA

OFICINA DE TURISMO

Avenida da Paz 2, Cariño. - Tel. 650 477 503 - www.visitacarino.gal

ORGANISMOS OFICIAIS/OFICIALES

CASA DO CONCELLO/CASA CONSISTORIAL

Avenida da Paz 2, Cariño - Tel. (+34) 981 40 50 64 - www.concellodecarino.gal

EMERXENCIAS/EMERGENCIAS

S.O.S. GALICIA

Tel. 112 / (+34) 900 444 222

TRANSPORTE

BUS (Arriva)

Parada Principal : Avda. Manuel Fraga 26, Cariño - Tel. (+34) 981 311 213
www.arriwa.gal

TREN (RENFE - FEVE)

Parada máis próxima : Ponte Mera (a 10 km) - www.renfe.com

TAXI

Praza de Balbís, Cariño - Tel. (+34) 981 405 279



CONCELLO DE CARIÑO



CONCELLO DE CARIÑO



